

### **Vida de esencia valeira.**

*Espertei de bo domingo,  
mais hoxe algo está distinto,  
escoito a brisa do vento  
e tamén os paxariños.  
Hai algo que me falta,  
mais non o identifico,  
entón asomo á rúa  
onde discuten os veciños.*

*“Non vai auga”  
din entre gruñidos  
“nin na billa nin na mangueira,  
Baños de Molgas anda vacío”.  
Poño as pantuflas  
e saio cara o camiño  
a comprobar as esaxeracións  
que se comparten entre gritos.*

*A terra vese seca,  
non foron regar os cultivos;  
o bar está pechado,  
pois non se poden lavar os vidros.  
Tampouco está o pulpeiro  
nin nenos manchados no parque,  
non se cheiran os caldos  
e os canciños ao barro non saen.*

*Regreso á casa angustiada,  
xa non hai xente na rúa,  
a falta de auga nos fogares  
mantén á xente escondida.  
Séntome no sillón  
e replantexo sobre a vila,  
que perdeu ata o seu son  
sen avós regando as plantiñas.*

Categoría: Bacherelato.

Tipo de relato: Creativo.

Canguiara.